



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 11 de marzo de 2022 (1168/1102)**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D. Carlos López Font  
D. Abel Losada Álvarez  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás quince horas e trinta minutos do día once de abril de dous mil vinte e dous e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretario a concelleiro, Sr. Losada Álvarez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está tamén presente por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(169).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

**2(170).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DUN PROTOCOLO XERAL DE ACTUACIÓN ENTRE A SECRETARIA XERAL DE AXENDA URBANA E VIVENDA DO MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOBILIDADE E AXENDA URBANA E O CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 18966/101.**

Dáse conta do informe-proposta de data 9/03/2022, asinado pola xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía, o xefe da Área de Investimentos, a secretaria de Administración Municipal e a concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES**

1.- Con data 8 de marzo de 2022, por parte do Xefe da Área de Investimentos e da Xefa Departamento Administrativo Alcaldía, redactase a memoria xustificativa da conveniencia da sinatura do protocolo xeral de actuación entre a Secretaria Xeral de Axenda Urbana e Vivenda do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e o Concello de Vigo, a proposta da proia Secretaria Xeral de Axenda Urbana e Vivenda do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

2.- Con data 8 de marzo de 2022, a Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, resolveu o iniciación do expediente para a aprobación do protocolo xeral de actuación entre a Secretaria Xeral de Axenda Urbana e Vivenda do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e o Concello de Vigo.

**II:\_ FUNDAMENTOS**

**I.- Lexislación aplicable**

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

**III.- PROPOSTA DE PROTOCOLO:**

A celebración de convenios ou de protocolos de colaboración entre entidades de dereito público, atópase prevista nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público, así como nos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia

En canto ao seu contido e procedemento, axustado á lexislación de procedemento administrativo vense a determinar na conformación da conformidade xurídica da presente proposta



## Concello de Vigo

O interese xeral e a conveniencia na concertación deste protocolo, recóllese na Memoria xustificativa do mesmo.

O obxecto do presente Protocolo de Actuación, dotar de formalidade á colaboración entre a Secretaría Xeral de Axenda Urbana e Vivenda e o Concello de Vigo, así como expresar a vontade da Secretaría Xeral de Axenda Urbana e Vivenda de tomar en consideración o Plan de Acción do Concello de Vigo, como proxecto piloto da Axenda Urbana Española como boa práctica e experiencia transferible que pode orientar a outros municipios na elaboración dos seus respectivos plans de acción.

En virtude do Protocolo, a actuación principal é a elaboración do Plan de Acción da Axenda Urbana por parte do Concello de Vigo, de conformidade coa metodoloxía deseñada por ela e dentro do marco xeral do resto de Axendas Internacionais: a Axenda 2030, a Nova Axenda Urbana de Nacións Unidas e a Axenda Urbana para a Unión Europea.

O contido e o alcance do devandito Plan de Acción é competencia e decisión exclusiva do propio Concello de Vigo, e non xerará ningún tipo de obrigação máis aló dunha mera colaboración entre as partes a través do asesoramento e posta en común dos problemas ou cuestións que vaian xurdindo. Unha vez elaborado, o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, no contexto deste marco de colaboración, manifesta a súa vontade de tomalo en consideración como proxecto piloto de plan de acción de implementación da Axenda Urbana Española.

Esta proposta, ademais de converterse nun verdadeiro proxecto piloto, respondería tamén o cumprimento do obxectivo da Axenda consistente no intercambio de coñecemento e experiencias entre os distintos niveis da Administración pública.

### **III.- Procedemento e competencia**

Consta no expediente de aprobación do protocolo, os documentos necesarios para a súa tramitación: Orde de inicio, Memoria do protocolo e texto do mesmo e conformidade xurídica.

A colaboración entre as partes, non levará aparellada ningún tipo de contraprestación, xurídica nin económica, e no caso de que a evolución dos traballos mostre esta necesidade, será requisito previo a firma do correspondente convenio específico.

O presente Protocolo entrará en vigor a partir da data da súa sinatura e terá unha duración de dous anos, podendo ser prorrogado automaticamente por períodos de igual duración con anterioridade á expiración do prazo convido.

Antes da súa aprobación pola Xunta de Goberno, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello de Vigo.

De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do protocolo.

O artigo 8.1.b) da Lei 19/2013, de Transparencia obriga a dar publicidade do protocolo que se aprobe.

Á vista das anteriores circunstancias, fórmulase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte

## **PROPOSTA:**

- Primeiro.-** Aprobar o protocolo xeral de actuación entre a Secretaria Xeral de Axenda Urbana e Vivenda do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e o Concello de Vigo, transcrito como Anexo a esta proposta.
- Segundo.-** Dar traslado deste acordo a Secretaria Xeral de Axenda Urbana e Vivenda do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana os efectos oportunos.
- Terceiro.-** Comprometerse a dar cumprimento ás condicións do protocolo nos termos do mesmo.
- Cuarto.-** Unha vez asinado o protocolo, dar conta do mesmo ao Servizo de Administración Electrónica aos efectos de publicidade no portal de transparencia.

## **ACORDO:**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **ANEXO I:**

### **PROTOCOLO XERAL DE ACTUACIÓN ENTRE A SECRETARIA XERAL DE AXENDA URBANA E VIVENDA DO MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOBILIDADE E AXENDA URBANA E O CONCELLO DE VIGO**

Madrid, a ... de ..... de 2022

## **REUNIDOS**

Dunha parte, D. David Lucas Parrón, Secretario Xeral de Axenda Urbana e Vivenda, en virtude do Real Decreto 354/2020, de 11 de febreiro, e de conformidade con Real Decreto 645/2020, de 7 de xullo, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

E doutra, D Abel Caballero Álvarez, actuando en calidade de Alcalde en exercicio das funcións e competencias que lle atribúe o artigo 124 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Ambas as partes comparecen en nome e representación das súas respectivas institucións, recoñecendo de modo recíproco capacidade para formalizar o presente Protocolo de actuación, e na súa virtude,

## **EXPOÑEN**

**Primero.-** Que o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana actúa no exercicio das competencias que, conforme ao establecido no artigo 149.1.1 da Constitución, corresponden á Administración Xeral do Estado en materia de vivenda e chan de conformidade co Real Decreto 645/2020, de 7 de xullo, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.



## Concello de Vigo

**Segundo.-** Que, o artigo 11.1 do citado Real Decreto nas súas letras f), h) e i), atribúe á Secretaría Xeral de Axenda Urbana e Vivenda, a través da Subdirección Xeral de Políticas Urbanas, as competencias relativas ao *“desenvolvemento, implementación, difusión e actualización permanente da Axenda Urbana Española na súa consideración de política nacional urbana, así como a colaboración con outros departamentos ministeriais, outras administracións públicas, colexios profesionais, universidades, asociacións da sociedade civil, el terceiro sector e calquera outros axentes interesados, para a súa aplicación efectiva”*, así como *“o exercicio das competencias de desenvolvemento urbano sustentable que implementen a Axenda 2030 e as Axendas Urbanas Internacionais”*, e o *“fomento e a elaboración de estudos e traballos de investigación en relación coas políticas urbanísticas e de chan, así como a recompilación e difusión de información sobre ditas políticas”*

**Terceiro.-** Que a Secretaría Xeral de Axenda Urbana e Vivenda, ha elaborado a Axenda Urbana Española (AUE) na súa consideración dun marco estratéxico, non normativo, que expón explicitamente unha aspiración transformadora nos espazos urbanos cara a un desenvolvemento sustentable.

A Axenda Urbana para España defínese formalmente como un proceso e, como tal, non finaliza coa súa aprobación senón que se materializa a través da súa implementación efectiva mediante o respectivos planes de acción que leven a cabo os distintos axentes que interveñen no desenvolvemento da cidade e, especialmente, por parte das entidades locais.

**Cuarto.-** Que o Concello de Vigo ten entre os seus obxectivos o cumprimento dos obxectivos marcados polas Axendas Internacionais, expresamente a Axenda 2030 de Nacións Unidas, a Nova Axenda Urbana de Nacións Unidas e a Agendá Ourbana para a Unión Europea.

**Quinto.-** Que o Concello de Vigo. coñece e comparte os contidos e obxectivos da Axenda Urbana Española elaborada polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

**Sexto.-** Que polos motivos antes expresados o Concello de Vigo manifesta a súa vontade de achegar á Axenda Urbana Española un proxecto piloto de plan de acción que, elaborado para o seu municipio, poida resultar de utilidade para municipios de características similares, como modelo ou exemplo, para elaborar, pór en marcha, monitorizar e avaliar un plan de acción local da Axenda Urbana Española. Todo iso dentro do marco estratéxico da Axenda Urbana Española e en aplicación dos instrumentos que a mesma ofrece para a súa elaboración (metodoloxía, sistema de indicadores, etc.) e que se atopan aliñados co resto de Acordos Internacionais aos que se fixo referencia.

**Sétimo.-** Que, atendendo a todo o exposto, as partes deciden subscribir o presente Protocolo Xeral de Actuación coa única finalidade de dotar de formalidade a colaboración entre ambas as Administracións e que se orientará de conformidade coas seguintes

### CLÁUSULAS

#### **PRIMEIRA: OBXECTO DO PROTOCOLO XERAL DE ACTUACIÓN.**

É obxecto do presente Protocolo de Actuación, dotar de formalidade a colaboración entre a Secretaría Xeral de Axenda Urbana e Vivenda e o Concello de Vigo, así como expresar a vontade da Secretaría Xeral de Axenda Urbana e Vivenda de tomar en consideración o Plan de acción del Concello de Vigo, como proxecto piloto da Axenda Urbana Española como boa

práctica e experiencia transferible que pode orientar a outros municipios na elaboración dos seus respectivos plans de acción.

O Concello de Vigo comparte os obxectivos e finalidades propostos na Axenda Urbana e no resto de Acordos Internacionais que a preceden e está interesado no seu implementación. A tales efectos, decidiu de maneira voluntaria e no ámbito das súas propias competencias, elaborar para o seu municipio un Plan de acción da Axenda Urbana que, tendo como base os obxectivos definidos no seu marco estratéxico<sup>1</sup>, que procure a consecución daqueles cunha visión, coherente e integrada e que responda á metodoloxía proposta pola propia Axenda.

As liñas de actuación que a Axenda ofrece, son meros criterios para a consecución dos diferentes obxectivos estratéxicos e/ou específicos, polo que non se trata de criterios obrigatorios, nin son un numerus clausus. Así mesmo, el número de accións que se poidan levar a cabo será voluntario e obedecerá ás necesidades e ao contexto do municipio, dentro do marco dos obxectivos da Axenda Urbana e os seus indicadores.

Esta canle de colaboración non supón ningún tipo de obrigación nin esixencia xurídica para ningunha das partes e baséase no principio de cooperación e colaboración entre Administracións Públicas.

## **SEGUNDA: ACTUACIÓNS PREVISTAS.**

A actuación principal é a elaboración do Plan de Acción da Axenda Urbana por parte del Concello de Vigo de Vigo, de conformidade coa metodoloxía deseñada por ela e dentro do marco xeral do resto de Axendas Internacionais: a Axenda 2030, a Nova Axenda Urbana de Nacións Unidas e a Axenda Urbana para a Unión Europea.

O contido e o alcance de devandito Plan de acción é competencia e decisión exclusiva do propio Concello e non xerará ningún tipo de obrigación máis aló dunha mera colaboración entre as partes a través do asesoramento e posta en común dos problemas ou cuestións que vaian xurdindo. Unha vez elaborado, o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, no contexto deste marco de colaboración, manifesta a súa vontade de tomalo en consideración como proxecto piloto de plan de acción de implementación da Axenda Urbana Española.

Esta proposta, ademais de converterse nun verdadeiro proxecto piloto, respondería tamén ao cumprimento do obxectivo da Axenda consistente no intercambio de coñecemento e experiencias entre os distintos niveis da Administración pública.

A colaboración entre as partes, non levará aparellada ningún tipo de contraprestacións, xurídica nin económica, e no caso de que a evolución dos traballos mostre esta necesidade, será requisito previo a firma do correspondente convenio específico.

## **TERCEIRA: COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO.**

Para o seguimento das actuacións previstas e como canle habitual de comunicación créase unha Comisión de Seguimento que contará, polo menos, con dous membros designados por parte da Secretaría Xeral de Axenda Urbana e Vivenda e outros dous, en representación do Concello de Vigo.

1 [www.aue.gob.es](http://www.aue.gob.es)



## Concello de Vigo

Entre as funcións que asigna á mesma atópanse a de dar seguimento ás actuacións e traballos que se vaian realizando, así como a proposta e o deseño de medidas e actuacións complementarias que se xulguen de interese e que, no seu caso, poderán concretarse mediante a firma dun convenio específico adaptado ao seu contido.

A Comisión de Seguimento reunirase, con carácter ordinario, polo menos unha vez por semestre, co fin de avaliar o desenvolvemento dos obxectivos alcanzados.

### **CUARTA: VIXENCIA.**

O presente Protocolo entrará en vigor a partir da data da súa sinatura e terá unha duración de dous anos, podendo ser prorrogado automaticamente por períodos de igual duración con anterioridade á expiración do prazo convindo.

### **QUINTA: EXTINCIÓN DO PROTOCOLO.**

Serán causas da súa resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do Protocolo sen haberse acordado a prórroga do mesmo.
- b) O acordo unánime das partes asinantes expresado por escrito no marco da Comisión de Seguimento.

### **SEXTA: NATUREZA**

Este Protocolo Xeral de Actuación regúlase de conformidade co establecido polo artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Só expresa a vontade das partes subscriutoras para actuar cun obxectivo común, e non supón a formalización de compromisos xurídicos concretos e exixibles.

En proba de conformidade as partes asinan o presente documento, por duplicado, na data indicada no encabezamento.

Por parte da Secretaría Xeral de Axenda  
Urbana e Vivenda.

D. David Lucas Parrón

Por parte do Concello de Vigo

D Abel Caballero Álvarez

### **3(171).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO PATROCINIO PUBLICITARIO PARA A "XXIII GRAN GALA DO DEPORTE DE VIGO E A SÚA COMARCA 2022" ORGANIZADA POLO FARO DE VIGO. EXPTE. 18941/101.**

Visto o informe xurídico do 08/03/2022 e o informe de fiscalización do 09/03/2022, dáse conta do informe-proposta do 02/03/2022, asinado pola xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía, o xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de

Orzamentos e Facenda e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

#### I.- Antecedentes

En base as consideracións que se conteñen no informe de necesidade e idoneidade e orde de inicio que consta no expediente, asinado con data 24 de febreiro de 2022 pola Xefa da unidade administrativa de Alcaldía e pola Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal, dispón que se inicie expediente administrativo para a execución dun contrato de patrocinio publicitario para a “XXIII Gran gala do Deporte de Vigo e a súa Comarca 2022” organizada polo Faro de Vigo.

O contrato responde ao exercicio das competencias municipais na medida en que os artigos 25.1 e 25.2.l. da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e artigos 80.1 e 80.2.n da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades para proporcionar e difundir os valores sociais e culturais implícitos na acción do deporte.

No expediente tramitado inclúense os seguintes documentos:

- Informe de necesidade e idoneidade e orden de inicio asinado pola Xefa da unidade administrativa de Alcaldía e pola Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal asinada con data 24 de febreiro de 2022.
- Prego de Prescricións técnicas particulares de data 24 de febreiro de 2022 asinado polo Xefe do Servizo de Deportes – Director deportivo.
- Declaración do redactor do prego técnico de data 25 de febreiro de 2022 asinado polo Xefe do Servizo de Deportes – Director deportivo.
- Memoria económica do contrato asinada pola Xefa da unidade administrativa de Alcaldía e pola Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal con data 25 de febreiro de 2022.
- Memoria xustificativa do contrato asinado con data 28 de febreiro de 2022 pola Xefa da unidade administrativa de Alcaldía e pola Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal,
- Prego de Cláusulas administrativas Particulares, redactado pola técnica de administración xeral do Servizo de Contratación con data de 1 de marzo de de 2022.
- Informe sobre a rentabilidade do patrocinio da Gala do Deporte que Faro de Vigo propón ao Concello de Vigo elaborado pola empresa ECOVIGO PUBLICIDADE, S.L asinado electronicamente con data 1 de marzo de 2022.

Este contrato non está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2022.

#### II.- Condicións definitivas do contrato

##### II.1.- Obxecto e natureza do contrato

O obxecto do presente expediente contéplase no desenvolvemento das accións vinculadas a proposta de patrocinio publicitario da entidade Faro de Vigo S.A.U., editora do xornal “Faro de Vigo”, ao Concello de Vigo con motivo da próxima celebración da “GRAN





## Concello de Vigo

GALA DO DEPORTE DE VIGO E A SÚA COMARCA 2022”, organizada polo Faro de Vigo e que de forma concreta se definen na cláusula 3ª do PPTP.

O expediente cualifícase de contrato de patrocinio publicitario de acordo co artigo 22 da vixente Lei Xeral de Publicidade, e se considera como un contrato privado, xa que o mesmo non ten cabida en ningún dos contratos recollidos no artigo 12 e seguintes da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

En cumprimento do art. 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, os aspectos relacionados coa natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir mediante o presente contrato, así como da idoneidade do obxecto e contido, son os definidos no informe de necesidade, así como no do informe proposta que contén a memoria xustificativa do contido do contrato que constan no presente expediente, e consisten en satisfacer a necesidade pública de promover o deporte e promocionar e difundir a acción municipal en prol do seu fomento e dos seus valores sociais.

### II.2.- Réxime xurídico e procedemento de adxudicación

Este contrato cualifícase como de patrocinio publicitario, de conformidade co disposto no artigo 22 da Lei 34/1988, de 11 de novembro, xeral de publicidade, e ten a consideración de contrato privado consonte ao disposto nos artigos 24 a 26 da LCSP.

Rexeráse, en canto á súa preparación e adxudicación, por esta lei e as súas disposicións de desenvolvemento, aplicándose supletoriamente as restantes normas de dereito administrativo ou, no seu caso, as normas de dereito privado, segundo corresponda por razón do suxeito ou entidade contratante. En canto aos seus efectos e extinción, rexeráse polo dereito privado.

O contrato adxudicarase conforme ao procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a 2º LCSP, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado, FARO DE VIGO S.A.U., que ten a exclusiva do evento.

A forma de tramitación do expediente será a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 da LCSP.

### II.3.- Prezo e valor do contrato

A proposta fundaméntase, entre outros aspectos, na identificación dos valores de identidade da propia Cidade a través dun aspecto de interese social e de carácter universal e transversal como é o deporte, xa que este proxecto ven a destacar o gran valor de Vigo como cidade acolledora de grandes eventos deportivos.

A proposta para o desenvolvemento do contrato de patrocinio publicitario co Concello de Vigo, para o proxecto do “GRAN GALA DO DEPORTE DE VIGO E A SÚA COMARCA 2022”, establécese en 75.000,00 euros (ive incluído). O citado importe como orzamento base de licitación considérase adecuado en relación ó obxecto do contrato e a súa estimación, correspóndese favorablemente para o Concello de Vigo como Patrocinador, xa que polo

orçamento definido o Concello de Vigo non tería capacidade propia para o desenvolvemento do proxecto obxecto deste expediente.

En consecuencia, o prezo certo do contrato, en cumprimento do artigo 102 LCSP, estímase axeitado en base ao retorno que obtén este Concello na difusión da súa imaxe, como expoñente deportivo de primeiro orde, que lle permitirá alcanzar e desfrutar dun alto grao de notoriedade nos días previos e posteriores á Gala nas diferentes insercións e contrapestacións directas, ademáis de que a cuantificación das mesmas exceden amplamente a cantidade finalmente aboada co contrato.

O artigo 22 da Lei 34/1988, de 11 de novembro, Xeral de Publicidade, modificada pola Lei 29/2009, de 30 de decembro, pola que se modifica o réxime legal da competencia desleal e da publicidade para a mellora da protección dos consumidores e usuarios, define o contrato de patrocinio como: *«aquele contrato en que o patrocinado, a cambio de una ayuda económica para la realización de su actividad deportiva, benéfica, cultural científica o de otra índole, se compromete a colaborar en la publicidad del patrocinador»*, polo que neste contrato a CONTRAPRESTACIÓN concrétese no retorno indirecto de carácter publicitario para o Concello de Vigo que ascende a 371.082,80 € ive engadido.

Incorpórase ao expediente no trámite 51 o Informe sobre a rentabilidade do patrocinio da Gala do Deporte que Faro de Vigo propón ao Concello de Vigo elaborado pola empresa ECOVIGO PUBLICIDADE, S.L asinado electronicamente con data 1 de marzo de 2022.

O prezo do contrato que servirá como base da negociación é dun total de 75.000,00 euros (ive incluído), sendo o importe do ive a cantidade de 13.016,53 euros.

O gasto terá unha imputación a aplicación orzamentaria 9120.2279905 (Programas Alcaldía) ou a súa bolsa de vinculación do vixente orzamento, sen que afecte ao normal funcionamento de servizo.

O presente contrato non está previsto no “Plan anual de contratación” para o ano 2022 da Alcaldía. Non existe na actualidade contrato vixente.

#### II.4 Aspectos do contrato obxecto de negociación

O artigo 170.2 da LCSP determina que no caso de que unicamente participe un candidato, o órgano de contratación, sempre e cando sexa posible, deberá negociar con el os termos do contrato.

Dada a natureza do obxecto do contrato, e dada a imposibilidade de negociar sobre as campañas de comunicación e as diferentes accións da Gala, o proceso de negociación versará unicamente sobre o prezo do contrato.

Pode considerarse que o prezo fixado no contrato é axustado, tendo en conta os cálculos dos custes e as referencias de tempadas pasadas detalladas na proposta presentada por FARO DE VIGO S.A.U..

O único criterio de adxudicación será a redución do prezo do contrato.



## Concello de Vigo

### II.5 Revisión de prezos

Tendo en conta que o obxecto do contrato é do patrocinio publicitario sobre o desenvolvemento do acto da Gran Gala do deportes de Vigo e a súa Comarca 2021, que terá lugar nunha data determinada entre as partes, e atendendo a que a negociación se baseará no prezo do contrato non procede ningunha revisión do prezo.

### II.6.- Esixencia de Clasificación

De acordo co artigo 77 da Lei 9/2017, non se esixe clasificación para este contrato.

### II.7.- Subcontratación

Establécese como tarefa crítica todo o relacionado coa publicidade, que deberá correr a cargo de FARO DE VIGO, S.A.U. por ter os dereitos de exclusiva.

### II.8.- Prazo de execución e prórroga:

#### **Prazo de execución**

O prazo de execución iníciase o día seguinte ao da formalización do contrato e rematará 15 días despois da celebración da gala.

#### **Prórroga**

De acordo co obxecto do contrato, non se establece opción de prórroga.

### II.9.- Modificación do contrato

Non se contempla.

### II.10 Responsable do Contrato

Os responsables do Contrato serán, a xefa da unidade administrativa de Alcaldía e o Xefe do servizo de deportes-director deportivo.

### II.11- Seguro

O Adxudicatario deberá acreditar a posesión dun seguro de responsabilidade civil, que dea cobertura as actuacións propias do adxudicatario na execución das obras obxecto deste contrato, cunha contía mínima de 300.000,00 €.

O adxudicatario, como organizador, responsabilízase da obtención dos permisos que sexan necesarios para a realización da gala .

O patrocinado asumirá a seguridade da Gala, implementando as medidas de seguridade precisas en relación ao control de aforo e ao COVID 19, así como establecendo os correspondentes plans de seguridade e evacuación.

## II.12.- Condicións especiais de execución:

De acordo co establecido no artigo 202 da LCSP, establécense como condicións especiais de execución do contrato para o adxudicatario a seguinte:

### De carácter medioambiental:

- Redución de envases e embalaxes.
- Recollida selectiva de residuos.

## II.13.- Solvencia

- Solvencia económica e financeira:

Acreditarase mediante unha declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual ou superior ao valor estimado do contrato.

- Solvencia técnica e profesional:

Deberá achegarse unha declaración do empresario sobre os principais servizos ou traballos realizados de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato en curso de, como máximo os tres últimos anos.

## II.14- Cesión de datos e de dereitos de propiedade intelectual ou industrial ao adxudicatario

A execución do presente contrato non implica a cesión de datos nin de dereitos de propiedade intelectual ou industrial ao adxudicatario.

## III.-PROPOSTA

Previamente a efectuarse a proposta ao órgano de contratación, debe emitirse o preceptivo informe xurídico pola Asesoría Xurídica (apartado 8 da disposición adicional 3ª da LCSP), así como informe de fiscalización pola Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCSP.

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar a contratación polo procedemento negociado sen publicidade, consonte ó disposto no artigo 168 da LCSP, para o contrato de patrocinio publicitario da “XXIII GRAN GALA DO DEPORTE DE VIGO E A SUA COMARCA 2022”, a mercantil Faro de Vigo SAU, como organizador exclusivo da Gala.

**Segundo.-** Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares, redactado polo Xefe do Servizo de Deportes – Director deportivo, con data 24 de febreiro de 2022.



## Concello de Vigo

**Terceiro.-** Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación con data de 1 de marzo de 2022.

**Cuarto.-** Autorizar o gasto por importe máximo de base á negociación de dun total de 75.000,00 euros (ive incluído), sendo o importe do ive a cantidade de 13.016,53 euros .

· O gasto imputarase a aplicación orzamentaria 912.0.227.99.05 (Programas Alcaldía) ou a súa bolsa de vinculación.

· O valor estimado do contrato, de conformidade co disposto no artigo 101.1 LCSP, é de 61.983,47 €.

**Quinto.-** Abrir o procedemento licitador para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente de acordo o procedemento negociado sen publicidade.

**Sexto.-** Exceptuar de someter ao control da Mesa de Contratación o procedemento negociado sen publicidade por razón de ser un contrato privado non requirindo ademais a consulta a ningunha outra empresa por ser un operador único, ao ser potestativa a súa constitución segundo artigo 326 da LCSP.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **4(172).- PROPOSTA PARA A APROBACIÓN DO PLAN DE MEDIDAS ANTIFRAUDE NO MARCO DA ORDE HFP/1030/2021 POLA QUE SE CONFIGURA O SISTEMA DE XESTIÓN DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA. FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATIONEU. EXPTE. 1185/441.**

Dáse conta do informe-proposta do 10/03/2022, asinado polo xefe de Área de Investimentos, a secretaria de Administración Municipal e polo concelleiro-delegado de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

#### **I.-ANTECEDENTES**

O Consello Europeo aprobou o 21 de xuño de 2020 a creación do programa NextGenerationEU, o maior instrumento de estímulo económico financiado xamais pola Unión Europea, en resposta á crise sen precedentes provocada polo coronavirus.

NextGenerationEU pretende responder de forma conxunta e coordinada a unha das peores crises sociais e económicas da nosa historia e contribuír a reparar os danos causados pola pandemia.

O Mecanismo ofrece aos 27 estados membros apoio mediante transferencias directas e préstamos para aumentar os investimentos públicos e acometer reformas que contribúan á

recuperación da economía e do emprego e que estean orientadas a afrontar os principais retos económicos e sociais posteriores ao COVID.

Para o desenvolvemento deste mecanismo, España, a través do acordo do Consello de Ministros de 27 de abril de 2021, aprobou o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), que incorpora unha importante axenda de investimentos e reformas estruturais. O PRTR foi aprobado pola Comisión Europea o 16 de xuño de 2021, e polo Consello da Unión Europea o 13 de xullo de 2021. O PRTR permitirá a España acceder a ata 140.000 millóns de euros en créditos e transferencias no período 2021- 2026 que, xunto coa Axuda á Recuperación da Cohesión e dos Territorios de Europa (REACT-EU) e o resto de instrumentos previstos no Marco Financeiro Plurianual, promoverá reformas e investimentos en ámbitos prioritarios a nivel europeo. Para iso, o citado Plan estrutúrase en catro eixos dedicados á transición ecolóxica, á transformación dixital, á cohesión social e territorial e á igualdade de xénero, que orientan á súa vez dez políticas de panca e trinta compoñentes.

O PRTR, configúrase, pois, como un instrumento impulsado a nivel da Unión Europea destinado a mitigar os impactos da Pandemia da COVID-19, así como a transformar a sociedade, cos obxectivos de modernizar o sector produtivo, promover a “descarbonización” e o respecto polo medio ambiente, promover a dixitalización, e mellorar as estruturas e recursos para a investigación e a formación, logrando en definitiva unha maior capacidade da sociedade para superar problemas como a Pandemia, de acordo co marco establecido no Regulamento (UE) ) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

O artigo 8 do citado Regulamento, relativo á execución do PRTR, determina que “A Comisión executará o Mecanismo en réxime de xestión directa de acordo coas normas pertinentes adoptadas en virtude do artigo 322 do TFUE, en particular o Regulamento financeiro e o Regulamento (UE, Euratom) 2020/2092 do Parlamento Europeo e do Consello. Este enfoque implica o deseño de instrumentos específicos e a adaptación dos procedementos ao marco que se define.

Así en relación ao obxecto deste expediente, o artigo 22 do Regulamento (UE) 241/2021 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, e na súa virtude a Orde HPF/1030/2021, de 29 de setembro, impoñen a España, en relación coa protección dos intereses financeiros da UE e como beneficiaria dos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR), a obrigaón de que toda entidade, decisora ou executora, que participe na execución das medidas do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) dispoña dun «Plan de medidas antifraude». Os obxectivos que cobre devandito Plan, e polo tanto, este en concreto, consisten en garantir que, nos respectivos ámbitos de actuación, os fondos utilízanse de conformidade coas normas aplicables e, en particular, que existe unha adecuada prevención, detección e corrección da fraude, da corrupción e dos conflitos de intereses.

Entre a normativa aplicable a este Plan antifraude cabe destacar a seguinte:



## Concello de Vigo

### 1.- Normativa Europea

- Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello de 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia e o resto de normativa que o desenvolva
- Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión (Regulamento Financeiro da UE). DOUE de 30 de xullo de 2018, núm. 193.
- Directiva (UE) 2017/1371, do Parlamento europeo e do Consello de 5 de xullo de 2017, sobre a loita contra a fraude que afecta os intereses financeiros da Unión a través do Dereito penal (Directiva PIF). DOUE de 28 de xullo de 2017, núm. 198.

### 2.- Normativa interna

- Real Decreto-lei 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública para a execución do citado Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia
- Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/1031/2021, de 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información a proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- A Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP) (art. 64)
- Instrución de 23 de decembro de 2021 da Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado sobre aspectos a incorporar en os expedientes e en os pregos reitores dos contratos que se vaian a financiar con fondos procedentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia

### 3.- Outros documentos de referencia do Plan Antifraude:

- Avaliación do risco de fraude e medidas efectivas e proporcionadas contra a fraude (DG REXIO) EGESIF\_14-0021-00; 16/06/2014 (Guidance Note on fraud risk assessment for 2014-2020). Guía desenvolvida en aplicación do Artigo 125.4 c) do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e derrógase o Regulamento (CE) 1083/2006 do Consello.

- Comunicación da Comisión (2021/C 121/01) - Orientacións sobre como evitar e xestionar as situacións de conflito de intereses con arranxo ao Regulamento Financeiro.
- OLAF Compendium of Anonymised Cases – Structural Actions (Recompilación de casos anónimos: accións estruturais).
- OLAF practical guide on conflict of interest (guía práctica sobre o conflito de intereses).
- OLAF practical guide on forged documents (guía práctica sobre a falsificación de documentos).
- Comunicación 1/2017, de 6 de abril, do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude, sobre a forma na que poden proceder as persoas que teñan coñecemento de feitos que poidan ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea.

## **II.- CONTEXTO DE APLICACIÓN DAS MEDIDAS ANTIFRAUDE NO CONCELLO DE VIGO:**

O Concello de Vigo conta cunha dilatada traxectoria na implantación e desenvolvemento de políticas públicas en materia de transparencia e integridade, materias estas que son obxecto de reforzo tras a aprobación da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno e, como pode verse, cos excelentes resultados obtidos nas sucesivas avaliacións realizadas por “ Transparencia Internacional España, non Índice de Transparencia de Concellos (ITA)”.

Na execución destas políticas públicas, o Concello de Vigo foi adoptando diversos acordos e implementando mecanismos de distinta natureza para garantir o dereito dos cidadáns a unha boa administración:

- O Pleno acordou a incorporación do Concello á Rede de Municipios pola Transparencia e a Participación Cidadá da FEMP en sesión de data 30.03.2015.
- O pleno adheriuse ao Código de Bo Goberno Local da FEMP en sesión de data 30.11.2015.
- A Xunta de Goberno Local dispón dunha Circular de Cumprimento Normativo segundo a cal non aproba ningún expediente que non supere os controis xurídicos e de fiscalización interna, xa que tal e como recolle a Circular 1/2015, de 13 de maio, da Secretaría de Goberno local e da Intervención Municipal e da Asesoría Xurídica de Vigo, os expedientes que non contén con devanditos informes favorables non se considerarán concluídos e non se incluírán na orde do día.





## Concello de Vigo

- Leváronse a cabo experiencias colaborativas no ámbito da transparencia e a transformación dixital, cuxos informes inclúen as accións realizadas, que aparecen no portal de transparencia.
- A Xunta de Goberno Local aprobou o Plan de Avaliación e Seguimento da Transparencia e o Bo Goberno, que conta cunha batería de indicadores relativos á actividade contractual.
- O procedemento de contratación é integramente dixital e conta co soporte das normas técnicas do Esquema Nacional de Seguridade e Interoperabilidade aprobados. Os procedementos administrativos, incluído o expediente de contratación, tramítanse a través dunha aplicación de desenvolvemento propio, “Xestión de Expedientes”.
- A transparencia é un dos valores institucionais compartidos. O Concello sométese periodicamente a avaliacións voluntarias realizadas por Transparencia Internacional (IT) obtendo unha alta cualificación nos índices de transparencia dos Concellos (ITA). No ITA 2017 liderou a clasificación de cidades galegas cun global de 98,8 sobre 100 (100 sobre 100 en contratación).
- A estrutura do goberno municipal conta cunha Concellaría que ten especificamente delegadas as competencias en materia de transparencia, bo goberno e Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS).
- Con motivo da EDUSI-VigoVertical, a Xunta de Goberno Local comprometeuse cos “principios de integridade, obxectividade e honestidade” ao adherirse á “Declaración Institucional en Antifraude” da Dirección Xeral de Fondos Comunitarios. E tamén aprobou un “Manual de Procedementos”, creando un Comité Antifraude que avaliou os riscos e propuxo medidas que foron xeneralizadas a toda a contratación (ver declaración de ausencia de conflito de interese na mesa de contratación, declaración de neutralidade técnica).
- Finalmente, agregaremos que para o deseño dun instrumento que comprometa a aplicación do principio de integridade nas compras, a XGL do 22/11/2018 acordou iniciar os traballos para a elaboración do Plan de Integridade nas Compras e constituír un Comité Técnico, integrado polos responsables de Contratación, Administración Electrónica, Contabilidade e Orzamento; Secretaría de Goberno Local, Intervención e Asesoría Xurídica

A preocupación pola mellora continua en materia de contratación se de nota tanto en decisións macro como micro, como o demostran decisións de simplificación e redución de cargas administrativas na procura dunha maior axilidade na xestión como é a delegación de os acordos de clasificación en a concellaría delegada de Contratación, así como a contratación menor nas respectivas Concellarías delegadas nos seus ámbitos de competencias. Así mesmo, coa delegación da Xunta de Goberno Local na concellaría delegada de Contratación da proposta da programación da contratación a través do Plan Anual no sistema de delegación.

En relación ao progreso das actuacións en materia de transparencia e integridade, dende a constitución do Comité Técnico do Plan de Integridade nas Contratacións Públicas procedeuse a examinar o novo marco legal en materia de contratación pública desde a perspectiva da integridade, así como as boas prácticas que se poden adoptar na liña da mellora continua, concluíndo a necesidade de aprobar un marco estratéxico do Plan de Integridade que permita, por unha banda, ter as liñas e obxectivos estratéxicos aprobados polo órgano de contratación e, por outro, definir un campo de actuación eficiente e dinámico para a súa execución a través dos obxectivos operativos, formulando á Concellaría delegada en materia de contratación a adopción do acordo respectivo.

Na actualidade o Plan de Integridade da contratación do Concello de Vigo e unha realidade, e se atopa desenvolto nun alto grado como se pode desprender do seguinte esquema:

#### **PLAN DE INTEGRIDADE NA CONTRATACIÓN:**

- **APROBACIÓN DO “PLAN DE INTEGRIDADE NA CONTRATACIÓN. MARCO ESTRATÉXICO”.** EXPTE. 439/1102. (Acordo XGL 12/09/2019)
- **APROBACIÓN DO DESENVOLVEMENTO OPERATIVO DO PLAN DE INTEGRIDADE NA CONTRATACIÓN.** (Resolución Concelleira delegada Area de Contratación Patrimonio e Xestión Municipal de data \_\_\_\_\_)

#### **1.- TRABALLAR COAS PERSOAS:**

##### 1.1. Aliñar e concienciar ás persoas

1.1.1 Aprobar unha declaración institucional de integridade

(Acordo XGL 12/03/2021 ) **Declaración institucional de integridade**

1.1.2 Aprobar un código de conduta

(anexo) **código de conduta**

##### 1.2. Profesionalizar a contratación

1.2.1 Reorganizar e dotar o departamento de contratación

1.2.2 Capacitar en sistemas de prevención

(Acordo XGL 27/08/2021) **Plan de Formación 2021 - A Integridade como Competencia Profesional - A Responsabilidade do Empregado Público**

##### 1.3. Asegurar a comunicación interna

1.3.1 Establecer unha canle de comunicación.

- INTRANET MUNICIPAL.

#### **2.- SACARLLE PARTIDO Á TECNOLOXIA:**

##### 2.1. Non facer dúas veces o mesmo

2.1.1 Integrar Xestión de Expedientes coa Plataforma de Contratación (PLACSP)

2.1.2 Automatizar a remisión de datos aos órganos de control da contratación

##### 2.2. Establecer mecanismos de detección e alerta

2.2.1 Establecer un mecanismo de seguimento e alerta do propio sistema

2.2.2 Establecer un portal OPEN DATA

- (Acordo XGL de data 24/01/2020) **Proxecto de creación e publicación do portal de datos abertos (OPEN DATA)**

2.2.3 Abrir unha caixa de correos electrónica de alertas

- (Acordo XGL 13/01/2022) ) **Creación dunha canle de alertas en materia de contratación**



## Concello de Vigo

### 2.3. Proporcionar ferramentas TIC de apoio á práctica profesional colaborativa

#### 2.3.1 Fomentar unha comunidade on-line de profesionalización

### 3.- RACIONALIZAR E REFORZAR A INTEGRIDADE NOS PROCESOS:

#### 3.1. Avaliar os riscos e as medidas

##### 3.1.1 Elaborar un mapa de riscos da contratación

(Acordo XGL 13/01/2022) **Aprobación do mapa de riscos da contratación**

#### 3.2. Facilitar os procedementos

##### 3.2.1 Construír unha Instrución Xeral de contratación

- (Acordo XGL 10/12/2021) **Instrución contratos menores**
- (Resolución Concelleira delegada Area de Contratación Patrimonio e Xestión Municipal de data 27/09/2021) **Instrución conflito de intereses**
- (Resolución Concelleira delegada Area de Contratación Patrimonio e Xestión Municipal de data 21/01/2022) **Medidas adoptadas – GUIA de preparación dos contratos.**

#### 3.3. Optimizar os procesos

##### 3.3.1 Revisar e ultimar as guías de tramitación electrónica

##### 3.3.2 Elaborar os pregos de cláusulas administrativas xerais

#### 3.4. Apoiar e favorecer a integridade durante o proceso

##### 3.4.1 Aprobar modelos de declaración de ausencia de conflito de interese

- (Resolución Concelleira delegada Area de Contratación Patrimonio e Xestión Municipal de data 24/02/2021) **Aprobación dos modelos de declaración de ausencia de conflito de intereses** e (Resolución Concelleira delegada Area de Contratación Patrimonio e Xestión Municipal de data 03/03/2021)

### 4.- INTRODUCIR O CICLO DE MELLORA CONTINUA:

#### 4.1. Potenciar a planificación e a mellora continua

##### 4.1.1 Programar a contratación procurando unha mellora global

- Planificación da contratación municipal do ano 2020, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local - sesión ordinaria do 27/12/2019
- Planificación da contratación municipal do ano 2021, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local - sesión ordinaria do 30/12/2020
- Planificación da contratación municipal do ano 2022, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local - sesión ordinaria do 13/01/2022

### III.- CONFORMACIÓN DUN PROGRAMA MUNICIPAL DE COORDINACIÓN, PLANIFICACIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DOS PROXECTOS FINANCIADOS CON FONDOS DO PRTR- PROGRAMA NEXT GENERATIONUE

En relación á necesidade de establecer mecanismos de control e seguimento nos procesos de execución das actuacións relacionadas co PRTR, o BOE do 30 de setembro de 2021 publica a Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o sistema de xestión do PRTR que ten como finalidade configurar e desenvolver un Sistema de Xestión

orientado á definición, planificación, execución, seguimento e control dos proxectos e subproxectos nos que se desagregan as medidas (reformas/investmentos) previstas nos compoñentes do PRTR.

A citada Orde é de aplicación ás entidades que integran o sector público de conformidade co disposto no artigo 2.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como a cantos outros axentes interveñan na execución do PRTR como receptores de fondos, establecendo os procedementos e instrumentos necesarios para garantir a súa coordinación e seguimento.

Dentro do amplo desenvolvemento desta Orde, cómpre destacar en relación co obxecto deste expediente, que en relación cos principios específicos de xestión do PRTR, determinase o estándar mínimo a cumprir en relación cos “fitos”, “obxectivos”, “proxectos” e “subproxectos”. Estas referencias poderán ser ampliadas polos órganos responsables e xestores, e actualizadas pola Autoridade Responsable.

A vista do contido desta Orde, O Concello de Vigo como posible entidade beneficiaria e executora de proxectos financiados con fondos económicos do PRTR, debe contar cunha estrutura organizativa específica que poda garantir unha correcta planificación, execución e seguimento dos proxectos que o Concello de Vigo poda desenvolver no marco do PRTR, e no seu caso poder cumprir coas obrigas derivadas da condición de “beneficiario” de proxectos financiados con fondos do PRTR.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 17 de febreiro de 2022, se estableceu un PROGRAMA MUNICIPAL DE COORDINACIÓN, PLANIFICACIÓN, SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DOS PROXECTOS FINANCIADOS CON FONDOS DO PRTR- PROGRAMA NEXT GENERATION UE, que determinará as directrices de xestión e coordinación co obxectivo de acadar sinerxías entre os distintos servizos municipais, favorecendo a conformación de equipos multidisciplinares entre os diversos técnicos municipais, co obxectivo de impulsar a execución dos proxectos vinculados as distintas convocatorias do PRTR. Dito programa se conforma co seguinte organigrama:

**Concellería municipal responsable:** Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro de Fomento e Servizos.

**Conformación dun equipo para a desenvolvemento do Programa Municipal para os proxectos financiados cos Fondos do PRTR,** estará conformada por unha coordinación técnica responsable do programa, por un comité técnico do Programa, por un comité de autoavaliación e por un equipo técnico de xestión.

a.- **Coordinación técnica do Programa Municipal para os proxectos financiados con fondos do PRTR:**

b.- **Comité técnico de Programa Municipal Fondos PRTR:**

Para a realización do traballo de planificación, seguimento e avaliación establece un “comité técnico” composto por:

- o O xefe do servizo xurídico da área de Servizos Xerais, ou persoa da súa área



## Concello de Vigo

na quen delegue.

- o Xefe administrativo e control orzamentario da Area de Fomento ou persoa da súa area na quen delegue.
- o Xefe de servizo de servizo de vías e obras ou un enxeñeiro/a da Area de Fomento.
- o Xefe do servizo de administración electrónica, ou persoa da súa area na quen delegue.
- o Xefe do servizo de medioambiente, ou persoa da súa area na quen delegue.
- o Xefa do Servizo de contratación, ou persoa da súa area na quen delegue.
- o Xefe/a do servizo vinculado directamente a convocatoria ou proxecto a desenvolver.
- o Técnico/a de xestión da area de fomento.

En función das materias a tratar, se fose necesario, o Comité solicitará a asesoramento dos responsables da Dirección Orzamentaria, Secretaria de administración local, Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral.

### **c.- Comité de auto avaliación para os procesos regulados pola Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro:**

Tendo en conta as obrigas reguladas pola Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, propónse a seguinte composición:

- o Membros do Comité de Integridade Contractual do Concello de Vigo de acordo coa conformación aprobada no punto cuarto do acordo da Xunta de Goberno Local de data 13 de xaneiro de 2022 no marco do expediente 6696/241, o cal atopase conformado por:
  - D<sup>a</sup>. Beatriz Barbará Rodríguez, Xefa do servizo de Contratación, ou persoa do seu servizo en quen delegue
  - D. Alberto Escariz Couso, Interventor Xeral, ou persoa do seu servizo en quen delegue
  - D<sup>a</sup>. Susana Gallardo Fariña, Secretaria de Administración Municipal, ou persoa en quen delegue, que exercerá as funcións de secretaria do mesmo
  - D. Luis García Álvarez, Dirección Superior Contable e Orzamentaria ou persoa do seu servizo en quen delegue
  - D<sup>a</sup>. Margarita Parajó Calvo, Titular da Asesoría Xurídica, ou persoa do seu servizo en quen delegue

- D. Antonio Villanueva Guimeráns, Xefe do servizo de Administración electrónica, ou persoa do seu servizo en quen delegue

Ademais formarán parte do mesmo, en base ao alcance da autoavaliación os seguintes membros:

- O responsable da coordinación técnica do Programa Municipal para os Fondos PRTR ou técnico/a de xestión da area de Fomento na quen delegue.
- O xefe de servizo de servizo de Vías e obras ou un enxeñeiro/a da Area de Fomento
- O xefe do Servizo de medioambiente, ou persoa da súa area na quen delegue.

**d.- Area técnica de xestión:**

- o Estará conformado polo persoal designado ao efecto en relación os recursos integrados no PROGRAMA DE XESTIÓN DAS AXUDAS DO PROGRAMA NEXT GENERATION UE (expte 1058/441).

## **II.- DESENVOLVEMENTO DO PROCESO DE AUTOAVALIACIÓN E CONFORMACIÓN DOCUMENTAL DO PLAN ANTIFRAUDE:**

### **1.- PROCESO DE AUTOAVALIACIÓN**

A Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o sistema de xestión do PRTR, é de aplicación ás entidades que integran o sector público de conformidade co disposto no artigo 2.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como a cantos outros axentes interveñan na execución do PRTR como receptores de fondos, establecendo os procedementos e instrumentos necesarios para garantir a súa coordinación e seguimento.

Dentro do amplo desenvolvemento desta Orde, cómpre destacar en relación co obxecto deste expediente, ven a indicar de forma específica:

***d) Fortalecemento dos mecanismos de prevención, detección e corrección de fraude, corrupción e conflitos de intereses.***

*Co fin de dar cumprimento ás obrigas que o artigo 22 do Regulamento (UE) 241/2021 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, lle impón a España en relación coa protección dos intereses financeiros da Unión como beneficiaria dos fondos MRR, que calquera entidade, decisoria ou executora, que participe na execución das medidas do PRTR deberá contar cun "Plan de medidas antifraude" que lle permita garantir e declarar que, no seu respectivo ámbito de actuación, utilizáronse os fondos correspondentes de acordo coa normativa*



## Concello de Vigo

*aplicable, en particular no que se refire á prevención, detección e corrección de fraude, corrupción e conflitos de intereses. Dito plan deberá cumprir cos requisitos indicados na citada "Orde" e de forma específica deberá estar aprobado nun prazo máximo de 90 días dende a entrada en vigor da Orde HPF/1030/2021, oi no seu caso dende que se teña coñecemento da participación na execución do PRTR.*

*Co fin de lograr unha homoxeneidade no deseño destas medidas por parte dos devanditos participantes, e sen prexuízo da aplicación de medidas adicionais tendo en conta as características específicas e os riscos da entidade de que se trate, a Orde HPF/1030/2021 inclúe no anexo II.B .5 a -cuestionario de avaliación sobre o estándar mínimo, e no anexo III.C orientación sobre medidas para previr, detectar e corrixir a fraude, a corrupción e os conflitos de intereses, que fai referencia ás posibles medidas a adoptar para garantir unha adecuada protección dos intereses financeiros da Unión na execución de accións financiadas ou a financiar polo MRR.*

*A avaliación do risco de fraude, a realización da Declaración de Ausencia de Conflito de Intereses (DACI) e a dispoñibilidade dun procedemento para atender os conflitos de intereses configúranse como actuacións obrigatorias para os órganos xestores. A elección das medidas de prevención e detección déixase á discreción da entidade que asuma a responsabilidade de xestión, tendo en conta as súas características específicas e sempre tendo en conta a necesidade de garantir unha adecuada protección dos intereses da Unión.*

A vista do contido desta Orde, O Concello de Vigo como entidade beneficiaria e executora de proxectos financiados con fondos económicos do PRTR, deberá contar cun "Plan de medidas antifraude" que lle permita garantir e declarar que, no seu respectivo ámbito de actuación, utilizáronse os fondos correspondentes de acordo coa normativa aplicable, en particular no que se refire á prevención, detección e corrección de fraude, corrupción e conflitos de intereses.

Dito plan deberá cumprir cos requisitos indicados na citada "Orde" e de forma específica deberá estar aprobado nun prazo máximo de 90 días dende a entrada en vigor da Orde HPF/1030/2021, oi no seu caso dende que se teña coñecemento da participación na execución do PRTR.

Sobre a conformación desta obriga, e co fin de lograr unha homoxeneidade no deseño destas medidas, e sen prexuízo da aplicación de medidas adicionais tendo en conta as características específicas e os riscos de cada entidade, a Orde HPF/1030/2021 inclúe:

*Anexo II un modelo de test de auto avaliación e risco, que contempla os seguintes bloques:*

*A.- obxectivos e procedemento.*

*B.- Test.*

- 1 Elementos esenciais.*
- 2 Control de xestión.*

- 3 *Fitos e obxectivos.*
- 4 *Danos ambientais.*
- 5 *Conflito de intereses, prevención da fraude e da corrupción.*
- 6 *Compatibilidade do réxime de axudas estatais e evitación do dobre financiamento.*

*C. Estimación do risco: Táboa de valoración.*

Ademais no ANEXO III.- *Referencias principios e criterios de xestión.*

En relación o contido do Plan Antifraude debese valorar o indicado no apartado

*C. Conflito de intereses, prevención da fraude e da corrupción.*

*E os anexos:*

*ANEXO III.C.- Medidas de referencia para previr, detectar e corrixir a fraude, a corrupción e conflito de intereses.*

*ANEXO IV.- Modelos de declaración:*

*A. Ausencia de conflito de intereses.*

Para a execución deste proceso de AUTOAVALIACIÓN e conformación documental do PLAN DE MEDIDAS ANTIFRAUDE NO MARCO DA ORDE HFP/1030/2021 POLA QUE SE CONFIGURA O SISTEMA DE XESTIÓN DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA. Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU, foi convocada reunión do Comité de auto avaliación para os procesos regulados pola Orde HFP/1030/2021, en sesión ordinaria con data 25 de febreiro de 2022, e de continuidade da mesma con data de 4 de marzo de 2022, e 8 de marzo de 2022, nas cales foi desenvolto o proceso de AUTOAVALIACIÓN en relación os seguintes apartados:

*B.- Test.*

- 7 *Elementos esenciais.*
- 8 *Control de xestión.*
- 9 *Fitos e obxectivos.*
- 10 *Danos ambientais.*
- 11 *Conflito de intereses, prevención da fraude e da corrupción.*
- 12 *Compatibilidade do réxime de axudas estatais e evitación do dobre financiamento.*

*C. Estimación do risco: Táboa de valoración.*

En relación o resultado da autoavaliación se achega a este informe como anexo I, a acta de avaliación da sesión de data 8 de marzo de 2022, asinada polos membros asistentes do comité de autoavaliación, no cal se acorda **“a aprobación do proceso de autoavaliación**





## Concello de Vigo

***de acordo cos datos que se anexan a esta acta que será susceptible de revisión de acordo a implementación das medidas identificadas no mesmo”.***

### 2,- PROPOSTA DE DOCUMENTACIÓN O PLAN ANTIFRAUDE:

En base a todo o proceso desenvolto no PLAN DE INTEGRIDADE NA CONTRATACIÓN e tendo en conta as peculiaridades da Orde HFP/1030/2021, dende a Coordinación técnica do Programa Municipal para os proxectos financiados con fondos do PRTR e coa colaboración do Comité técnico de Programa Municipal Fondos PRTR, procedeuse a conformar documentalmente o PLAN DE MEDIDAS ANTIFRAUDE de acordo co documento que se achega con este informe no anexo II.

O «Plan de Medidas Antifraude» é de aplicación á totalidade das empregadas e empregados públicos que desempeñan as súas funcións no Concello de Vigo.

De forma xeral aplícase ao ámbito xeral dos servizos que presta o Concello de Vigo en relación ás tarefas de xestión, seguimento, control e pago de todos os procedementos administrativas que os vinculen, e de forma específica, a todos os expedientes que se desenvolvan financiados co Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia, a través dos fondos Next GeneraciónEU, sobre os cales o Concello de Vigo teña a responsabilidade de entidade executora.

Así mesmo, as medidas do Plan serán aplicables, co grao de obrigatoriedade correspondente, ás entidades e persoas beneficiarias privadas, socios, contratistas e subcontratistas, que resulten perceptores ou cuxas actuacións sexan financiadas con fondos provenientes destas actuacións.

A proposta de conformación final do DO PLAN DE MEDIDAS ANTIFRAUDE NO MARCO DA ORDE HFP/1030/2021 POLA QUE SE CONFIGURA O SISTEMA DE XESTIÓN DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA. Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU, ven a desenvolver as obrigas da Orde HFP/1030/2021 e de forma específica se configura cos seguintes contido:

#### ÍNDICE:

0.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.

1.- CONTEXTO

2.- DESTINATARIOS DO PLAN

3.- CONCEPTOS E DEFINICIÓNS

3.1.- CONFLITO DE INTERESES.

3.2.- FRAUDE E CORRUPCIÓN.

4.- CUESTIONARIO DE AUTOAVALIACIÓN (ESTÁNDAR MÍNIMO DO PLAN ANTIFRAUDE)

5.- ÁMBITO OBXECTIVO DO PLAN

6.- ÁMBITO SUBXECTIVO DE APLICACIÓN.

7.- ÓRGANOS RESPONSABLES.

8.- MEDIDAS PARA AFRONTAR CONFLICTOS DE INTERESES.

A.- PREVENCIÓN

B. CORRECCIÓN.

9.- MEDIDAS PARA PREVIR, DETECTAR E CORRIXIR A FRAUDE E A CORRUPCIÓN: O CICLO ANTIFRAUDE

A.- PREVENCIÓN

1.- Desenvolver unha cultura ética

2.- Formación e concienciación

3.- Implicación de las autoridades de la organización

4.- Repartición segregado de funcións e responsabilidades nas actuacións de xestión, control e pago.

5.- Mecanismos adecuados de avaliación do risco para todas as medidas xestionadas.

6.- Sistema de control interno eficaz.

B.- DETECCIÓN

C.- CORRECCIÓN.

D.- PERSECUCIÓN

10.- SEGUIMIENTO E CONTROL PERIÓDICO DO PLAN

1.- SUPERVISIÓN.

2.- REVISIÓN E ACTUALIZACIÓN DO PLAN.

3.- COMUNICACIÓN Y DIFUSIÓN

- Anexo I: Acordo da Xunta de Goberno Local 12 de decembro de 2019 - Aprobación do "Plan de Integridade na Contratación. Marco Estratéxico.
- Anexo II. Resolución Concelleira delegada área de Contratación Patrimonio e Xestión Municipal de data 17/12/2019. Desenvolvemento operativo do Plan de Integridade.
- Anexo III. Acordo Xunta de Goberno Local 17/02/2022, Estrutura organizativa especifica co fin de garantir unha adecuada coordinación, planificación, seguimento e avaliación PRTR.
- Anexo IV. Acordo Xunta de Goberno Local 13/01/2021- Composición comisión integridade contractual.
- ANEXO V. Resolución Concelleira delegada área de Contratación Patrimonio e Xestión Municipal de data 30/01/2020. Aprobación dos modelos de declaración de ausencia de conflito de intereses.
- ANEXO VI. Resolución Concelleira delegada área de Contratación Patrimonio e Xestión Municipal de data 03/03/2021. DACI-Emplead@s públic@s.
- ANEXO VII.- Resolución Concelleira delegada área de Contratación Patrimonio e



## Concello de Vigo

Xestión Municipal de data 06/11/2020. Cláusulas éticas de obrigado cumprimento para os contratistas.

- Anexo VIII. Resolución Concelleira delegada área de Contratación Patrimonio e Xestión Municipal de data 27/09/2021. Procedemento para a tramitación dos conflitos de intereses.
- Anexo IX, Resolución Concelleira delegada área de Contratación Patrimonio e Xestión Municipal de data 28/12/21.- Guía de preparación dos contratos.
- Anexo X. Acordo Xunta de Goberno Local de data 10/12/21.- INSTRUCCIÓN 1/2021 SOBRE CONTRATOS MENORES NO CONCELLO DE VIGO, SUS ÓRGANOS AUTÓNOMOS E ENTIDADES DO SECTOR PÚBLICO MUNICIPAIS.
- Anexo XI. XGL 12/03/2021 Declaración institucional de integridade.
- Anexo XII. Informe proposta “Código ético” en tramitación.
- Anexo XIII. Acordo Pleno 30/11/2015.- adhesión ao Código de Bo Goberno Local da FEMP.
- Anexo XIV, Acordo Xunta de Goberno Local 13/01/2022\_CANLE ALERTAS.
- Anexo XV Acordo Xunta de Goberno Local 27/08/2021 Plan de Formación 2021.
- Anexo XVI, Acordo Xunta de Goberno Local. 13/01/2022- MAPA DE RISCOS.
- Anexo XVII, Acordo Xunta de Goberno Local. 16/03/2017- APROBACIÓN DA APLICACIÓN DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NO ESQUEMA NACIONAL DE SEGURIDADE (ENS) E O ESQUEMA NACIONAL DE INTEROPERABILIDADE (ENI) OA CONCELLO DE VIGO.
- ANEXO XVIII.- MAPA DE RISCOS.
  1. EN MATERIA DE CONTRATACIÓN. Anexo XVI.
  - 2.- EN MATERIA DE SUBVENCÍONS.
  - 3.- EN MATERIA DE CONVENIOS.
  4. EN MATERIA DE XESTIÓN ECONÓMICA E PATRIMONIAL.
- ANEXO XIX.- BANDEIRAS VERMELLAS.
  - I.- NOS PROCESOS DE CONTRATACIÓN:
  - II.- NOS PROCESOS DE SUBVENCÍONS:
  - III.- NOS PROCESOS DE EXECUCIÓN A TRAVÉS DE CONVENIOS.
- Anexo XX. Modelo de DACI para Contratistas.

O contido integro da documentación que complementa o PLAN DE MEDIDAS ANTIFRAUDE do Concello de Vigo, e que se corresponde co acordo da comisión de autoavaliación de data 8 de marzo de 2022. de acordo co texto completo do PLAN que se achega coa acta.

### III.- PROPOSTA

Unha vez realizada a Autoevaluación de acordo cos requisitos indicados na Orde HFP/1030/2021 e conformado o documento do PLAN DE MEDIDAS ANTIFRAUDE do

Concello de Vigo, de acordo coa acta de sesión de 8 de marzo de 2022 do comité de autoavaliación do programa municipal de coordinación, planificación, seguimento e avaliación dos proxectos financiados con Fondos do PRTR- programa financiado pola Unión Europea -Next GenerationUE, corresponde remitir o mesmo a Xunta de Goberno para a súa aprobación, en base a seguinte proposta:

- Primeiro: Dar conta do proceso de autoavaliación realizado polo Comité de autoavaliación para os procesos regulados pola Orde HFP/1030/2021, que se corresponde co acordo da sesión de 8 de marzo de 2022 do comité de autoavaliación do programa municipal de coordinación, planificación, seguimento e avaliación dos proxectos financiados con Fondos do PRTR- programa financiado pola Unión Europea -Next GenerationUE, que se achega neste expediente.
- Segundo: Aprobar o proxecto do PLAN DE MEDIDAS ANTIFRAUDE do Concello de Vigo, que se corresponde co acordo da sesión de 8 de marzo de 2022 do comité de autoavaliación do programa municipal de coordinación, planificación, seguimento e avaliación dos proxectos financiados con Fondos do PRTR- programa financiado pola Unión Europea -Next GenerationUE, que se achega neste expediente.
- Terceiro: Comunicar o presente acordo ás persoas titulares das Concellerías Delegadas de Goberno, os responsables de áreas e servizos, así como os membros designados para Comité técnico de Programa Municipal Fondos PRTR para os procesos regulados pola Orde HFP/1030/2021, e para o seu coñecemento e efectos.
- Cuarto: Publicar o presente acordo na Intranet municipal, e no Portal de Transparencia municipal, para a difusión no conxunto da organización municipal.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(173).-SUBSANACIÓN DO REQUIRIMENTO DA FUNDACIÓN BIODIVERSIDADE F.S.P, SOBRE A SOLICITUDE PRESENTADA POLO CONCELLO DE VIGO Á CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DE ACTUACIÓNS DIRIXIDAS Á RENATURALIZACIÓN E RESILIENCIA DAS CIDADES ESPAÑOLAS 2021, NO MARCO DO PRTR. EXPTE. 1146/441.**

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 10/03/2022, dáse conta do informe-proposta do 08/03/2022, asinado polo xefe de Área de Investimentos, o xefe do Servizo Xurídico da Área de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomentos e Servizos, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES:**

1.- Con data 28 de decembro de 2021, o Concelleiro delegado da área de Fomento e



## Concello de Vigo

Servizos, resolve iniciar o expediente para a aprobación da participación do Concello de Vigo na convocatoria correspondente ao ano 2021 para a concesión de subvencións da Fundación Biodiversidad, F.S.P., para fomentar actuacións dirixidas á renaturalización e resiliencia de cidades españolas, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, de acordo coa Orde TED/1018/2021, de 20 de setembro, publicada polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico

O obxecto desta convocatoria é a concesión de axudas para o fomento de actividades que contribúan á renaturalización urbana, incrementando a infraestrutura verde e a conectividade dos espazos verdes e azuis, co obxectivo de incrementar a biodiversidade e a súa conservación e a adaptación ao cambio global e de mellorar a habitabilidade das capitais de provincia e outras cidades españolas de máis de 50.000 habitantes. Estes proxectos abordarán de forma integral estes obxectivos e os seus resultados deberán ser por si mesmos perdurables no tempo.

2.- Con data 30 de decembro de 2021, a Xunta de Goberno Local, acordou:

**Primeiro:** aprobar o proxecto para o que se solicita a subvención. O proxecto desenvolverase de acordo co seguinte programa de actuacións e alcance económico:

**“RENATURALIZACIÓN INTEGRADA DA PRAIA DE SAMIL EN VIGO (FASE I)”** o cal tendo en conta os condicionantes da convocatoria desenvólvese en base ás seguintes actuacións.

Código	Nomee da acción	Estimación orzamentaria (S/IVE)
A1	Estratexia de Solucións Baseadas na Natureza de Vigo	60.000,00 €
B1	Liberación do espazo dunar, deseño e construción sostible do novo paseo Samil	2.772.800,92 €
B2	Restauración ecolóxica de sistema dunar para contribuír ao aumento da biodiversidade e á súa conservación , mediante a implantación de especies autóctonas	81.062,30 €
B3	Rexeneración da morfoloxía dunar da praia de Samil	12.9060,00 €
B4	Impulso da mobilidade sustentable e mellora da mobilidade da praia de Samil	1.219.119, 23 €
C1	Plan de Gobernanza e Participación	29.500,00 €
C2	Plan de Comunicación e Sensibilización	89.651,54 €
C3	Plan de Medición e Seguimento de indicadores	57.700,00 €
Total		4.316.793,99 €
Importe da subvención solicitada:		4.000.000,00 €

As cifras expresadas nos cadros anteriores non incorporan o IVE correspondente dado que o mesmo non é financiable pola convocatoria.

Este proxecto executarase de acordo co seguinte cronograma:

ACCIÓNS	INICIO	FIN
C1- Plan de gobernanza e participación	04/07/2022	31/12/2023
C2- Plan de comunicación e sensibilización	04/07/2022	30/06/2025
C3- Plan de medición e seguimento de indicadores	04/07/2022	30/06/2025
A1 - Estratexia de Solucións Baseadas na Natureza de Vigo	15/09/2022	30/03/2023
B1- Liberación do espazo dunar, deseño e construción sostible do novo paseo Samil	15/09/2022	30/07/2023
B2- Restauración ecolóxica de sistema dunar para contribuír ao aumento da biodiversidade e á súa conservación, mediante a implantación de especies autóctonas.	02/08/2023	30/09/2023
B3- Rexeneración da morfoloxía dunar da praia de Samil	02/10/2023	30/04/2025
B4- Mellora da conectividade e impulso da mobilidade de tránsito da praia de Samil	15/09/2023	30/06/2025

En relación á execución orzamentaria das previsións indicadas no cronograma de execución, estas serán dotadas economicamente nos correspondentes exercicios orzamentarios, tendo en conta que o escenario orzamentario destas obrigacións quedará supeditado aos importes que resulten da resolución da convocatoria e a súa posterior aceptación por parte do Concello de Vigo.

**Segundo:** Aprobar a participación do Concello de Vigo coa presentación do proxecto "RENATURALIZACIÓN INTEGRADA DA PRAIA DE SAMIL EN VIGO (FASE I)", na convocatoria correspondente ao ano 2021 para a concesión de subvencións da Fundación Biodiversidade, F.S.P., para fomentar actuacións dirixidas á renaturalización e resiliencia de cidades españolas, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, de acordo coa Orde TED/1018/2021, de 20 de setembro, publicada polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, aceptando de forma expresa o procedemento regulado nesta orde.

**Terceiro:** Aprobar o compromiso de que o Concello de Vigo a través da "ÁREA DE FOMENTO E SERVIZOS" disporá de todos os medios humanos, técnicos e orzamentarios necesarios para executar o proxecto aprobado e garantir a súa execución dentro dos prazos establecidos na convocatoria.

**Cuarto:** Delegar no Segundo tenente de Alcalde e Concelleiro da área de Fomento e Servizos, D. Francisco Javier Pardo Espiñeira a competencia para a formalización da solicitude de subvención na convocatoria regulada pola Orde TED/1018/2021, de 20 de setembro, publicada polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico" de acordo ao proxecto indicado no punto primeiro deste acordo.

Dita delegación alcanza para todos os efectos, a conformación final do contido da



## Concello de Vigo

documentación obrigatoria en relación a a memoria técnica, marco lóxico, fichas descritivas das actividades previstas, orzamento, recursos humanos, cronograma e avaliación preliminar do principio DNSH. en relación o proxecto aprobado no apartado primeiro, así como a execución de todos trámites administrativos necesarios que requira a presentación da mesma na páxina web da FB ([www.fundacion-biodiversidad.es](http://www.fundacion-biodiversidad.es)) a través da ferramenta habilitada ao efecto.

3.- A solicitude de axuda foi presentada no rexistro da Fundación Biodiversidade, con data 31/12/2021 e co nº de solicitude 208.

## II.- SOLICITUDE DE SUBSANACIÓN DE DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS DA FUNDACIÓN BIODIVERSIDAD.

Con data 01/03/2022, recíbese por e\_mail solicitude de subsanación que indica:

**Título de Proyecto:** *Renaturalización integrada de la playa de Samil en Vigo (Fase 1)*

**Entidad solicitante:** *Ayuntamiento de Vigo*

*Estimado solicitante:*

*Una vez revisada la documentación administrativa de su proyecto, presentado a la "Convocatoria de subvenciones de la Fundación Biodiversidad F.S.P., para el fomento de actuaciones dirigidas a la renaturalización y resiliencia de ciudades españolas 2021, en el marco del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia", le comunicamos que en virtud del artículo 32 relativo a la presentación de solicitudes, la documentación aportada deberá ser subsanada por no reunir los requisitos exigidos.*

*En concreto, la documentación a subsanar por su entidad sería la siguiente:*

*- Declaración DNHS: El modelo presentado no se corresponde con la convocatoria.*

***- Aprobación de la obligación plurianual del gasto: El documento aportado no realiza mención expresa a la aprobación de la obligación plurianual del gasto.***

*-Informe favorable de Secretaría: El documento aportado es una certificación del acuerdo de la Junta de Gobierno Local, no un informe favorable del proyecto firmado por Secretaría.*

***El plazo máximo para remitir su subsanación y la documentación requerida finalizará el próximo 15 de marzo.***

***La documentación a subsanar deberá enviarse adjunta a través de este mismo correo electrónico ([ciudades@fundacion-biodiversidad.es](mailto:ciudades@fundacion-biodiversidad.es)).***

*En caso de no subsanar la documentación en el plazo indicado se le tendrá por desistido de su solicitud, de acuerdo con lo establecido en el artículo 14 de las Bases reguladoras para la concesión de subvenciones de la Fundación Biodiversidad para fomentar actuaciones dirigidas a la renaturalización y resiliencia de ciudades españolas en el marco del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia.*

Co obxecto de proceder a subsanar o requirimento e en relación a aprobación da obriga plurianual do gasto, procede analizar o contido do acordo e propoñer a XGL a proposta de acordo que se indica a continuación.

Sobre a aprobación da obriga plurianual del gasto: El documento aportado no realiza mención expresa a aprobación da obriga plurianual del gasto.

En relación a este apartado procede indicar que o acordo da XGL de data 30/12/2022 recolle no seu apartado segundo: ***“En relación á execución orzamentaria das previsións indicadas no cronograma de execución, estas serán dotadas economicamente nos correspondentes exercicios orzamentarios, tendo en conta que o escenario orzamentario destas obrigacións quedará supeditado aos importes que resulten da resolución da convocatoria e a súa posterior aceptación por parte do Concello de Vigo.”***

E así mesmo o apartado terceiro, *aproba o compromiso de que o Concello de Vigo a través da “ÁREA DE FOMENTO E SERVIZOS” disporá de todos os medios humanos, técnicos e orzamentarios necesarios para executar o proxecto aprobado e garantir a súa execución dentro dos prazos establecidos na convocatoria.*

A vista do requirimento procede subsanar o requirido indicando:

De acordo co contido técnico e orzamentario recollido na memoria técnica aprobada pola XGL en data 30/12/2021, desprendese o seguinte cadro de execución orzamentaria do proxecto aprobado:

ACCIONS	INICIO	FIN	TOTAL	2022	2023	2024	2025
<b>C1- Plan de gobernanza y participación</b>	04/07/2022	31/12/2023	23.500,00	5.875,00	17.625,00		
<b>C2- Plan de comunicación y sensibilización</b>	04/07/2022	30/06/2025	89.651,54	11.206,44	33.619,33	33.619,33	11.206,44
<b>C3- Plan de medición y seguimiento de indicadores</b>	04/07/2022	30/06/2025	57.700,00	7.212,50	21.637,50	21.637,50	7.212,50
<b>A1 - Estrategia de Soluciones Basadas en la Naturaleza de Vigo</b>	15/09/2022	30/03/2023	60.000,00	30.000,00	30.000,00		
<b>B1- Liberación del espacio dunar, diseño y construcción sostenible del nuevo paseo Samil</b>	15/09/2022	30/07/2023	2.772.800,92	924.266,97	1.848.533,95		
<b>B2-Restauración ecológica de sistema dunar para contribuir al aumento de la biodiversidad y a su conservación, mediante la implantación de especies autóctonas.</b>	02/08/2023	30/09/2023	81.062,30		81.062,30		
<b>B3- Regeneración de la morfología dunar de la</b>	02/10/2023	30/04/2025	12.960,00		2.160,00	8.640,00	2.160,00





## Concello de Vigo

playa de Samil							
B4- Mejora de la conectividad e impulso de la movilidad de tránsito de la playa de Samil	15/09/2022	30/06/2025	1.219.119,23	152.389,90	457.169,71	579.081,63	30.477,98
		<b>Total sen IVE</b>	<b>4.316.793,99</b>	<b>1.130.950,82</b>	<b>2.491.807,79</b>	<b>642.978,46</b>	<b>51.056,92</b>
		<b>IVE</b>	<b>906.526,74</b>	<b>237.499,67</b>	<b>523.279,63</b>	<b>135.025,48</b>	<b>10.721,95</b>
		<b>Total</b>	<b>5.223.320,73</b>	<b>1.368.450,49</b>	<b>3.015.087,42</b>	<b>778.003,94</b>	<b>61.778,88</b>

A visto do presente cadro, e de acordo ao requirimento sobre a aprobación da obriga plurianual del gasto, desprendese as seguintes obrigas:

	Importe s/IVE	IVE	Total
2022	1.130.950,82	237.499,67	1.368.450,49
2023	2.491.807,79	523.279,63	3.015.087,42
2024	642.978,46	135.025,48	778.003,94
2025	51.056,92	10.721,95	61.778,88
	4.316.793,99	906.526,74	5.223.320,73

Os créditos do ano 2022, teñen cobertura económica nas seguintes aplicacións orzamentarias:

- 1721.609.00.10 RECUPERACION DUNAS SAMIL, 1º FASE, P. PUNTA CAMALEON

Por todo o exposto e unha vez incorpórese ao expediente o correspondente informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local a aprobación dos seguintes acordos:

**Primeiro:** Autorizar o gasto plurianual en relación ao proxecto de “**RENATURALIZACIÓN INTEGRADA DA PRAIA DE SAMIL EN VIGO (FASE I)**” aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 30/12/2020 e presentado a convocatoria da Fundación Biodiversidad, para fomentar actuacións dirixidas á renaturalización e resiliencia de cidades españolas, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, de acordo coa Orde TED/1018/2021, de 20 de setembro, publicada polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, de acordo co seguinte desglose económico:

	Importe s/IVE	IVE	Total
2022	1.130.950,82	237.499,67	1.368.450,49
2023	2.491.807,79	523.279,63	3.015.087,42
2024	642.978,46	135.025,48	778.003,94
2025	51.056,92	10.721,95	61.778,88

	4.316.793,99	906.526,74	5.223.320,73
--	--------------	------------	--------------

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás quince horas e trinta e cinco minutos. Como secretario dou fe.

SGF/me.

O CONCELLEIRO-SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Abel Losada Álvarez.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez